

ra portuguesa. Treito I: VAC A52-Celanova sur. Treito II: Celanova sur-fronteira portuguesa, que foi aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 6 de outubro de 2009, coa clave OU/01/101.01.75.

De conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto técnico.

A declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras comprendidas no proxecto técnico sinalado considérase necesaria sendo os motivos, razóns e oportunidade que a motivan os de resolver os actuais problemas de capacidade viaria así como os futuros para a zona, pois esta actuación vai resolver as graves dificultades que se están a ocasionar pola circulación coa actual configuración das estradas existentes e, ademais, vaise establecer unha substancial mellora das conexións de Galicia coa zona nordeste de Portugal constituíndose, deste xeito, un eixe articulador do tráfico das comarcas de Terra de Celanova e Baixa Limia e a capital da provincia así como co resto de Galicia, polo que os beneficios derivados desta actuación acadarán indubidables melloras de orde económica ao facilitarse o tránsito de persoas e mercadorías con Portugal, o que sempre incide nun incremento das relacións comerciais e, por ende, da actividade económica e unha mellora dos parámetros desta índole nunha zona especialmente necesitada polo que a pronta execución desta infraestrutura considérase primordial, e de aí a necesidade da declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a súa realización.

A competencia para declarar a urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto no artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia, o artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre a asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas así como o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de outubro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos que se concretan no

expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución da actuación do eixe de comunicacións A52-fronteira portuguesa. Treito I: VAC A52-Celanova sur. Treito II: Celanova sur-fronteira portuguesa. Clave OU/01/101.01.75.

Santiago de Compostela, oito de outubro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

Resolución do 13 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se convocan as asociacións profesionais de transportistas e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte por estrada para que acrediten a súa representatividade co fin de revisar a composición do Comité Galego de Transportes por Estrada.

O Decreto 251/1998, do 10 setembro, polo que se crea o Comité Galego de Transporte por Estrada e se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte, dispón no seu artigo 14 que a composición das distintas seccións do comité será revisada cada catro anos. Con este motivo, as distintas asociacións que formen parte de cada sección, así como as que desexen entrar no comité, serán convocadas pola Dirección Xeral de Mobilidade no último semestre do quadrienio, co obxecto de que dentro dun prazo non inferior a un mes xustifiquen a súa representatividade de conformidade coas regras establecidas para o efecto.

Tendo en conta que a última revisión da composición do Comité Galego de Transportes se realizou no ano 2006, faise necesario convocar de novo as asociacións que actualmente forman parte de cada sección do comité, así como as que desexen entrar a formar parte dalgunha ou algunhas destas, co obxecto de que xustifiquen a súa representatividade.

De conformidade co disposto na disposición derradeira do Decreto 251/1998, do 10 setembro, polo que se crea o Comité Galego de Transporte por Estrada e se regula o Rexistro de Asociacións Profesionais de Transportistas e de Empresas de Actividades Auxiliares e Complementarias do Transporte, pola que se faculta o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (actual conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e

desenvolvemento deste decreto, oído o Comité Galego de Transporte, dítase esta resolución:

Primeiro.-Obxecto da convocatoria.

As asociacións profesionais de transportistas por estrada e de empresas de actividades auxiliares e complementarias do transporte que actualmente integran cada unha das seccións do Comité Galego de Transporte, así como as que desexen participar nel, deberán acreditar ante a Dirección Xeral de Mobilidade a súa respectiva implantación no subsector empresarial a que representan, de conformidade co disposto nesta resolución.

Segundo.-Documentación das asociacións e federacións.

1. Co obxecto de acreditar a súa constitución, obxecto e fins deberá achegarse por cada asociación e, de ser o caso, federación en que aquelas se integren, orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos:

- a) CIF da asociación.
- b) Acta de constitución da asociación.
- c) Estatutos vixentes (incluíranse as modificacións estatutarias habidas e que rexan na actualidade).
- d) Poder ou representación que exerce a persoa ou persoas que vaian actuar en nome da asociación.
- e) En caso de tratarse dunha federación, denominación, domicilio e CIF das asociacións que a integren.

Deberá quedar acreditado, en todo caso, que a anterior documentación foi obxecto dos trámites precisos para a súa legalización conforme as normas aplicables.

Terceiro.-Disposición de persoal e locais.

Co fin de acreditar o funcionamento efectivo das asociacións e federacións deberá xustificarse a disposición dos locais e do persoal axeitado para o exercicio da súa actividade.

As asociacións e federacións que actualmente forman parte do Comité Galego de Transporte abundará con que acheguen certificación do secretario xeral ou órgano equivalente na que conste que cumpren este requisito.

En relación con aquelas empresas que posúan varios centros de traballo repartidos polo territorio nacional, estando polo menos un deles no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de acreditar a representatividade neste comité, unicamente poderán computar aqueles dos seus vehículos habilitados para realizar transporte, que estean domiciliados en Galicia.

Cuarto.-Datos dos afiliados e das autorizacións.

1. Para acreditar o número de empresas afiliadas, así como as autorizacións e copias de que son titulares, deberán achegarse os datos en soporte informático, de conformidade coas especificacións seguintes

previstas no anexo do Decreto 251/1998, do 10 setembro.

En todo caso e co obxecto de facilitar a recolla dos devanditos datos e o seu posterior tratamento, esta dirección xeral promove a presentación destes nun ficheiro Excel e a súa presentación en CD-R ou CD-RW.

Para tal efecto procedeuse a colgar na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade, <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/98>, o referido ficheiro Excel, para descargalo e posteriormente cubrilo.

a) Para o Departamento de Transporte de Viaxeiros achegarase un ficheiro de empresas, independente por cada sección do comité, coa seguinte estrutura de rexistro:

a.1) Con carácter xeral:

-Número de identificación fiscal (NIF) (9 caracteres).

-O nome e apelidos do empresario individual, ou denominación ou razón social caso de tratarse dunha sociedade mercantil, anónima laboral ou cooperativa de traballo asociado (50 caracteres).

-Domicilio ou sede, único ou central (50 caracteres).

-Municipio (60 caracteres).

-Código postal (5 caracteres).

a.2) Para a sección de transporte público regular de uso xeral interurbano de viaxeiros en autobús incluíranse en cada rexistro do ficheiro de empresas os seguintes campos adicionais:

-Número da autorización a empresa da clase VD nacional (8 caracteres).

-Número de copias da devandita autorización (5 caracteres), que cada empresa teña adscritas aos servizos de transporte regular de uso xeral de que sexa titular.

a.3) Para a sección de transporte público de viaxeiros en vehículos de menos de nove prazas incluído o condutor, incluírase en cada rexistro do ficheiro de empresas o seguinte campo adicional:

-Número da autorización a empresa da clase VT, VTC, ASCCT, ASCCI ou ASCCX (8 caracteres).

a.4) Para a sección de transporte público discrecional interurbano de viaxeiros en autobús incluíranse en cada rexistro do ficheiro de empresas os seguintes campos adicionais:

-Número da autorización a empresa da clase VD (8 caracteres).

-Número de copias da devandita autorización (5 caracteres).

-Relación de matrículas (10 caracteres).

a.5) Para a sección de transporte urbano de viaxeiros en autobús achegaranse dous ficheiros, correspondentes ás empresas e aos vehículos.

a.5.1) O ficheiro de empresas terá o formato definido en a.1).

a.5.2) O ficheiro de vehículos terá esta estrutura:

-Número de identificación fiscal (NIF) (9 caracteres).

-Número de matrícula dos vehículos (10 caracteres).

b) Para o Departamento de Transporte de Mercadorías achegárase un único ficheiro, independente por cada sección do comité, coa seguinte estrutura de rexistro:

b.1) Con carácter xeral:

-Número de identificación fiscal (NIF) (9 caracteres).

-O nome e apelidos do empresario individual, ou denominación ou razón social caso de tratarse dunha sociedade mercantil, anónima laboral ou cooperativa de traballo asociado (50 caracteres).

-Domicilio ou sede, único ou central (50 caracteres).

-Municipio (60 caracteres).

-Código postal (5 caracteres).

b.2) Para as seccións de sección de transporte público de mercadorías en vehículos pesados e de transporte público de mercadorías en vehículos lixeiros; e de actividades auxiliares e complementarias de transporte por estrada, cada rexistro deberá conter, ademais, este campo:

-Número da autorización a empresa (da clase MDP, MDL ou OT) (8 caracteres).

2. Cando se trate de federacións os datos deberán estar referidos a cada unha das asociacións que as integran.

3. Os referidos ficheiros deberán presentarse de forma diferenciada por cada unha das seguintes clases de transporte por estrada e de actividades auxiliares e complementarias do transporte que constitúen seccións diferenciadas no Comité Galego de Transporte:

a) Transporte de viaxeiros:

-Transporte público regular de uso xeral interurbano de viaxeiros en autobús.

Neste ficheiro incluírase a autorización da clase VD, así como o número de copias autorizadas, que cada empresa teña adscritas aos servizos de transporte regular de uso xeral de que sexa titular. Se este número de copias resultase superior ao número de copias en alta que figura no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas Auxiliares e Complementarias do Transporte computarase este último para os efectos de representación.

-Transporte público discrecional interurbano de viaxeiros en autobús.

Neste ficheiro incluírase a autorización da clase VD de que cada empresa sexa titular. A Administración, para os efectos de cómputo, restará o número de copias que aparecesen relacionadas no ficheiro previsto no guión anterior do número de copias en alta que figura no Rexistro Xeral de Transportistas e de Empresas Auxiliares e Complementarias do Transporte. Se o resultado é cero ou un número negativo non se computará a empresa nin as súas copias nesta sección.

-Transporte público urbano de viaxeiros en autobús.

O ficheiro de vehículos acompañarase dunha certificación acreditativa de que estes se encontran autorizados para a prestación de tales servizos expedida pola correspondente entidade local.

-Transporte público de viaxeiros en vehículos de menos de nove prazas incluído o condutor.

-Estacións de transporte de viaxeiros, a teor do establecido no artigo 184.1º do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres.

-Actividades auxiliares e complementarias de transporte por estrada.

b) Transporte de mercadorías:

-Transporte público de mercadorías en vehículos pesados e lixeiros.

Deste ficheiro contabilizaranse todas as copias adscritas a vehículos pesados e lixeiros das autorizacións de empresa (das clases MDP ou MDL) referenciadas neste.

-Actividades auxiliares e complementarias de transporte por estrada.

En relación coas empresas titulares de autorizacións de clase OT, cada asociación ou, de ser o caso, federación, indicará en cal das dúas seccións para cuxa actividade se require a mencionada autorización desexa que se compute mediante a súa inclusión na relación correspondente a esta, sen que poida aparecer simultaneamente en máis dunha sección nos ficheiros que para tales efectos presente.

Quinto.-Prazo de presentación.

A documentación a que se refiren os puntos anteriores deberá presentarse no prazo comprendido entre o día seguinte ao de publicación desta resolución e o 18 de novembro de 2009, ambos os dous incluídos. Cando non se achegue a totalidade da documentación ou datos exixidos ou se acheguen de forma diferente á establecida no punto cuarto, a Dirección Xeral de Mobilidade requirirá á asociación ou federación para que, nun prazo de entre dez e quince días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución ou, se é o caso, non se computarán as empresas ou autorizacións en relación coas cales non se acheguen os datos na forma indicada ou sexan insuficientes.

Transcorridos os devanditos prazos, non se admitirá a presentación de nova documentación salvo que sexa requirida expresamente pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Sexto.-Procedemento de verificación.

Unha vez presentada a documentación citada nos puntos precedentes, a Dirección Xeral de Mobilidade realizará, co auxilio, de ser o caso doutras entidades, as necesarias comprobacións dos datos facilitados polas asociacións e federacións.

Para os efectos de verificar os datos de empresas afiliadas tomará unha mostra determinada obxectivamente en función do número total dos rexistros de cada relación, cuxo tamaño garanta en todo caso a mesma marxe de erro independentemente do número de afiliados que achegue cada asociación. Os resultados que se obteñan aplicaranse ao número total de empresas e autorizacións achegadas.

Cando os erros que se detecten alteren substancialmente a representatividade que lle correspondería á asociación de que se trate, a Dirección Xeral de Mobilidade, sen prexuízo de iniciar as actuacións oportunas que conduzan á depuración de responsabilidades de quen promoveu o expediente ou certificado acerca da súa veracidade, poderá proceder ao arquivo da documentación achegada e á súa non consideración para os efectos de participación no Comité Galego de Transporte.

Neste sentido, considérase que os erros alteran substancialmente a representatividade cando, en calquera das fases do procedemento, afecten polo menos o 60% das empresas dunha asociación nunha determinada sección das que constitúen o comité.

Sétimo.-Acordos sobre recoñecemento de representatividade.

No suposto de que todas as asociacións e/ou federacións que pretendan formar parte dunha mesma sección do comité se recoñezan mutuamente unha determinada porcentaxe de representatividade, e así o manifesten ante a Dirección Xeral de Mobilidade mediante escrito asinado polos seus respectivos presidentes, aquela aceptará provisionalmente tal repartición de representatividade.

Se antes da finalización do prazo establecido para a presentación de documentación no punto quinto non se dirixe á dirección xeral ningunha outra asociación que pretenda formar parte desa mesma sección ou que disinta do acordo inicialmente alcanzado, aquela elevará a definitivas as porcentaxes de representatividade acordadas polas asociacións.

Con independencia de que este acordo sexa aceptado pola Dirección Xeral de Mobilidade, as asociacións e federacións que o alcanzasen, deberán igualmente achegar a documentación prevista nesta resolución.

Se algunha asociación non participase no acordo, este será tido en conta, e examínase a totalidade da documentación requirida, para os efectos da

determinación da representatividade que corresponda a unhas e outras conforme o procedemento xeral de recento.

Oitavo.-Protección de datos.

As asociacións e federacións do sector de transporte por estrada deben cumprir os requirimentos establecidos na lexislación española de protección de datos.

Noveno.-Falseamento de datos.

O falseamento da documentación ou dos datos a que se refire esta resolución poderá determinar que non se teña en consideración a documentación presentada polas asociacións ou federacións, e que sexan sancionadas conforme a lexislación vixente.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009.

Miguel Rodríguez Bugarín
Director xeral de Mobilidade

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 13 de outubro de 2009 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as entidades colaboradoras para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á convocatoria para o ano 2009 das axudas para a adquisición dos novos equipamentos.

A Orde do 19 de febreiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 41, do 27 de febreiro, establece as bases reguladoras para a colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as entidades colaboradoras para a renovación de equipamentos individuais de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a convocatoria para o ano 2009 das axudas para a adquisición dos novos equipamentos.

No seu artigo 2 precísase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das ditas subvencións e, no seu artigo 1 parágrafo cuarto, sinálase que as cantidades recollidas no dito precepto se poderán incrementar como consecuencia de maior dispoñibilidade orzamentaria co fin de atender todas as solicitudes.

Co obxecto de poder amparar un maior número de solicitudes, e posto que a dotación inicial resulta insuficiente, tramítase o correspondente expediente de ampliación de crédito, polo que cómpre, median-